

# A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 56

A CRUÑA 30 DE MAYO DE 1918

¡ ADIANTE !

## O SEGUNDO ANIVERSARIO DA FUNDACIÓN DAS IRMANDADES

O 17 de Maio fixo dous anos que se constituíu a primeira «Irmandade da Fala»; a da Cruña. Até estonces o galego tiñase por lingoa do pobo, por lingoa da plebe. Erao e sigue séndoo, e seraio sempre, n'efeuto. Era e sigue sendo a lingoa que falan as cinco sestras partes da nosa terra, percisamente as que gardan e conservan as nosas tradicións e os nosos costumes. Proista Galicia, a verdadeira Galicia, mantíñase n'unha escravitude e n'un esquecemento absolutos.

Porqu'os homes de cartos da nosa terra ó facérense cultos, trocaban a y-alma propia por unha alma allea, a que lles donaba o castelán, e eisí afondándose, afondándose o abismo xenerador do divorcio entre os verdadeiros galegos, os incultos e os que créndose galegos deixaban de selo inda habendo nacido en Galicia, pra seren homes sin patria avergoñados da sua natureza a que acababan por disimulare, reconecéndose eisí inferiores e cativos; cometendo un grave pecado contra natura, e coidando que superábanse cando facían un esforzo negativo pra aparecer o menos galegos posibre.

Os nosos homes cultos chegaron a decire con orgulo e fachenda: «eu son galego», cando, por unha autoeducazón falsa, logo de perderse total-as características naturais da raza, podían sofrir en Madrid a comparación c'o habitante de calquera outra rexión e colleitar a louba corrente: iste galego, non parez galego, e honra a Galicia.

E istes homes cultos, desleigados por trabucamento, eran e son aínda os que falan d'un rexionalismo feito en castelán, que é o mais paradóxico e absurdo que pode dárese, xa que negando o primeiro valor autóctono, actualidade real e realidade histórica, a fala propia, a propia alma, negan a rexión, cégol-os os ollos pol-o erro multiseccular e fánse ultra centralistas, ultra inimigos de Galicia, perfeutos parricidas inda que iles coiden que non.

Todo isto vímolos nos n'un instante crítico: cando ó lapo da fogueira sanguíñenta

que consume ó mundo, alumeóu a razón de sere das nazonalidades naturais. I estonces coidamos deber urxente voltar pol-o conqurimento da nosa alma propia, pra recobrar co-a nosa lingoa, oxe vulgar, pro históricamente aristocrática, instrumento universal antaño da lírica peninsuar, com'o foi o italiano até fai pouco, a única cultura trascendente e útil: a que se cimenta nos valores da terra onde un nace, vive e traballa. Si queremos unha Galicia con persoalidade reconecida, si queremos unha Galicia nosa, e si queremos sere nós nosoutros mesmos, temos que cultivarnos en galego, emborcando o espírito da infancia e da mocidade no molde redentor do noso idioma. Do noso idioma que nos abre magnánimo e fecundo as portas dos corazóns de moitos millóns d'almas que s'espresan no portugués irmán... ¡Fermosa e practica cultura a dos nosos señoritos e a dos tristes Gubernos centralistas que nos arredóu e sigue arredándonos de Portugal e do mundo portugués cada ves mais!

As «Irmandades da Fala» naceron pra reitificar todos istes erros criminas e suicidas. O iniciador d'elas foi Ramón Villar Ponte, irmán meu. A iniciativa súa recollinna eu e leveina a un folleto, que patrocinaron, primeiro que ninguén, Aurelio Ribalta, galleguista de sempre, Manoel Lugo, verbo do enxebriño e Lois Porteiro, rapaz representativo da nova intelectualidade da terra.

Constituíuse a primeira «Irmandade» o 17 de Maio fixo dous anos. No comenzo éramos vinte persoas a quenes chamóusellos os «felibres galegos», lembrando ós da Provenza fillos do xenio de Mistral.

Oxe son moitas as «Irmandades» feitas; no termo de estes derradeiros dous anos falóuse mais en galego culto que denantes n'un século. Galicia escomezou a sere considerada. E eiquí tedes como somos uns homes históricos; uos homes a quenes o porvire non terá que eisixirles responsabilidade. Por que ofrendáronlle a Galicia un pensamento

propio, unha vountade propia e un sentimento propio.

As «Irmandades da Fala», é o mais grande e outo que se fixo na nosa terra. A historia diráio eisí. Nos témola savia da verdade, a forza da razón, a integridade do sentimento natural, o imperativo categórico, aloumiñando pol-a tradizón, nado no lóxico e no biolóxico, que leva, cando conquire a vountade da xuventú, ós pobos ó cumprimento dos seus destinos. Gracias a nós nosos fillos terán unha patria. ¡Adiante, pois, os bos e xenerosos, de que falou o bardo!

A. VILLAR PONTE.

## PERDONAILLE...

¿Vistes n-a *Vos de Galicia*  
d'un d'istes días atrás  
un artículo de fondo  
que tira c'as hirmandás?  
¿Un libelo contr'a fala  
que nos deixaron os pais,  
chamandolle idioma probe  
e non sei que cousas mais?  
Síntoo porqu'é d'un galego,  
y'amigo meu de verdá,  
qu'aldraxe d'isa maneira  
o idioma rexional  
qu'é o que falou súa dona  
y-o que falaron seus pais.  
Eu non m'esprico d'il eso  
pois sempre foi bo rapás,  
mais que c'un rauto de xenio  
ou c'un escape de gas  
d-a presión que lle fixeron  
d-a terriña algús hirmáns.  
*Un labrador a moderna*  
qu'arrenega de seus pais,  
hay que levantarll'a perna  
e facerlle com'os cas.  
Pro il non é dino d'eso  
porqu'é un home formal,  
de mais talento e cultura  
que moitos d'o seu igual,  
y-eu pídollle c'un abrazo  
que non volv'a a falar mal  
d-a nosa faliña enxebre  
por canto n-o mundo hay.  
Y-el qu'é home de xusticia  
ha no-la facer cabal.

Por un labrador a antiga:

F. S. L. Q.

D' UNHA VEZ PRA SEMPRE

## NON NOS ARREPENTIMOS

COMO anelo ó dedo ou cal croiazo n'ollo do boticario, veñen a punto as verbes qu'a continuazón damos, do insigne i-esgrevío autore do «Fausto». Elas valen mais que cantas respostas poidéramos donar nosoutros ás críticas miudas e parvas con qu'algunhos coidándose mestres—¡malpocados!—pertenden censurar o galego dos nosos esqurtos, galego que, por outra parte, é de cote tan gabado por todol-os que desexan qu'a nosa lingua—o mesmo que sucedeu en Cataluña cō catalán e sucederá igualmente en Eukadi—modernizándose, troqu'as verbes castelans pol-as galegas correspondentes, faguéndose cada vez mais idioma, non unha casi xerga, a maneira do galego actual d'algunhos mestres—con perdón—, na que hai tanto de castelán malo e deformado como pouco de galego enxebre e puro.

D'iste xeito fala Goethe: «O necio non ten dificultade pra sere purista, porque nada ten que decir. ¿Cómo ha de eisperimentare

a necesidade de desbotar unha verbe gastada, e admitir outra eispresiva si isa verbe endexamais vivéu pra él, porqu'a ela non asocióu idea algunha? Depurar i-enriquecer é tarefa dos mellores espertos. Mais depurar sin enriquecer, é, pol-o común, obra de necios, porque non hai nada mais cómodo que desdeñalo senso por deterse na eispresión.»

Agora ben, o caso é falar galego de cote, predicar cō exemplo, sin preocuparse de falalo ben ou mal, qu'iso xa virá. Despois de todo, si o falamos i-esquribimos mal a culpa non será nosa, sinon dos mestres, dos precursores, de todol-os que nos antecederon, pois eles, vivindo de costas á realidade, en prena trabucazón, nada fixeron por melloral-a nosa lingua. Pois ¿cómo tiñan de melloral-a non practicándoa? E mal podían faguelo cando endexamais a empregaban. Foron, ¡triste é confesalo!, vergoñosos servos d'un idioma alleo...

## O tío Guedellas

Car'á feira d'Alén, un vintedós, fôise o tío Guedellas, vélo duro, que anque fraco, moi fraco de mamoria, sempre soubo saír ben d'un apuro. Mira, Guedellas: díxoll'a parénta, chégat'endeic'á feira d'o Cachizo e mérc'o millor porco qu'elí topes, e xa sabes que o quero pra castizo. D'a feira préto xa, parous'o home, e dispóis de raiñar un pouco a testa dixo: ¡malos demóneos che me coman se m'acordo d'a encargal... ¡Son boa besta! Eu non sei se me dixo porc'ou porca... ¿E cómo saio d'esta marañada?... féito: levar de todo e n-hai engano; vou mercar unha porca xa preñada. Chegou á feira, y-asegún chegóu, unha porca preñada víu entrar. —¿Canto val'a porquiña, meu amigo?, perguntóu.

—E vosté ¿vén pra mercar?

—Non, que veño somentes por folgarme de ver á porca y-a vostede bo.

—Pois, vale trinta pesos.

—Mire, amante,

qu'eu pergunteille pol-a porca sô...

—Pois sí; seiscentos réas; y-inda eu adoeza si d'o dito lle tiro nin cadela, que vostede ind'á min non me conece y-eu sonlle mais dereito qu'unha vela.

—Boeno, home, boeno; pois n-hai que berrar nin pors'esí, de súpeto, tan teso.

¿Quére quinientos réas?

—Vosté vén tolo...

Mire. Chégues'elí. Báixoll'un peso.

Si lle convén, convénlle, e sinón fora.

—Cinco centos con seis. ¿Vai ou non vai?

—Custóullem'ela mais inda mamota.

—Custaría...

—¿Qué non? Que o dig'á nai...

—Pro, escoite, logo a nai d'a porca fala?

—Bo; vosté vén de léria. ¡Hor'o home!

A nai d'a porca, non; ésta, mi madre.

—Eu crín qu'er'á d'a porca. Boeno, tome

oito réas de sinal y-está por miña

en quinientos con sete... Hála... colla...

—Qu'ind'os demos me leven si lle tiro

un céntimo siquera... ¡Que me tolla!

—Boeno; bote pra diante entón. ¡Que coiro!

¿ou seica pensa que l'estou d'entoxos?

—Escoite. Veñ'alí. ¿Vinteito pesos?

—Non.

—Dispóis qu'inda eu arda com'os toxos si a lev'anque me dé os seiscentos réas...

—Pois empánea, qu'eu porca hei de topar.

—Mire; non sexa burro que a marrá

éle d'aquela caste. Halle pesar...

—O dito.

—Veña'lí que somos homes e falando cecáis nos entendemos.

¿Quérem'oubir un conto?... Mire, ¡rabial! qu'hamos de ser amigos..

—Xa veremos.

—¿Convén n-os vinteseite?

—Non convén.

—¿En vinteseis e medio?

—Sigo xordo.

—Pois... e su'a marrá, qu'eu por un peso non hei de ser mais fraco nin mais gordo.

Marchouse co'a porquiña o bo Guedellas, presa, c'unha baraza, d'unha perna, y-ó chegar a Barroso n-unha corte meteuna, mentras il ib'á taberna.

Votóu catro cazolos c'us amigos, e como o tempo así logo se pasa, era xa ben cumprid'a a media noite cando il, por fin, chegóu a sua casa.

A muller, que no xenio parecía mesmamente un cadelo adoeido,

ó velo vir tan tarde e c'unha porca, a berrar comenzóu: ¡Hola, perdidol!

¡E pr'eso vés d'estora, condanado!

¿Eu que che dixen, ho? fala, ¡toutizo!

¿Y-est'é o porco que me trás, ¡borrachol, pra que serva n-o pobo de castizo?

¡Mala sorte te cubra, perdulariol!

¿E gastácheme n-eso os meus cartiños?

¡Non sei com'a pacencia me non falla e non crevo o candil n-os teus faciños!...

—¿Acabache?

—Acabéi.

—Agora escoita,

e non m'aldraxes nunca sen ter base.

Non merquéi o castizo, por qu'é lonxe

e tiven medo que se me trillase,

pro, com'o o porco che faguía falla,

andiven a pensar tod'a mañá

como vir'ó porco sen mancarse...

e... veu.

—¿Húlo?

—Pois... dentro d'a marrá.

XAVIER PRADO (LAMEIRO.)

## Os galegos antigalegos

*Dixo un xornal que o trabual d'oposicións a escolas que acaban de facérense na Cruña, dóulles menos puntos ós opositores que escolleron o portugués como idioma vivo, preferindo ós que facían que sabían francés, inglés ou alemán.*

*¡E eran unhas oposicións de galegos pra escolas galegas! E nós temos dúas provincias que viven en íntimo contacto con Portugal. E Portugal e a terceira potencia colonial d'Europa. E o portugués, galego nazionalizado ou modernizado, falaránno axiña preto de noventa millós d'almas.*

*¡Vaya unhos patriotas e unha maneira de traballare pol-a unión ibérica!*



## APOSTELAS A UN CERTAME

O xornal madrileño *El Debate* fai un concurso de traballos sobor de custións galegas en xeneral e sobor do problema rexionalista de Galicia en particular. Membros únicos do trabalho qu'a de xuzgal-os traballos qu'ô dito certame concurren, son: o Marqués de Figueiroa, Leonardo Rodríguez e Antón Goicoechea. Aínda que se non dubide da capacidade e coñecemento dos ditos labercos pra xuzgaren de certas custións, qu'isto sería muy discutible, folgan os comentarios.

Nosoutros soio sabemos decir que, os nomes dos que tiñan de constituire o xurado do certame nomeado, publicáronse cando houbo a seguridade de que todol-os concursantes estaban amarrados. Si eisí non fora todol-os concursantes fuxirían e soasmente ficarían os xueces que constituían o trabalho xuzgador e... cicáis, cicáis... algún lamecús dos ditos señores. Pois calquera s'afouta a eispôr un criterio un pouco ample, n-unha verbe, de recendo anticaciquil; a faguel-a mais cativa alusión ôs causantes dos nosos males. Unha pauliña fera ceibaríase derriba do que tal fixese. Tod'a mais cativeira política que nós combatimos e combatiremos sin acougo, háchase répresentada pol-os tres homes do trabalho. Donándose a circunstancia de qu'un d'eles nin siquera galego é.

O espallamento dos premios terá de sere en Santiago, coincidindo coás festas do Apóstol e ô remate d'unha «semana rexio-

nalista» (?) qu'alf s'orgatza. Parécenos ben, moi ben, todo isto. E si pol-as visporas xuzgamos, a festa vai a sere completa. Agora ben, nada de particular tería qu'a semana de rexionalista se trocase en *semana de pasión*. N-istes tempos, desque as «Irmandades da fala» funcionan, certos rexionalismos trócanse de súpeto en traumatismos mais ou menos agudos. Por algo amas verbes teñen as mesmas terminazóns.

Un detalle qu'amostra con toda claridade o que do dito certame pode agardarese é o seguinte: todol-os lemas de traballos presentados son ou ben castelans ou ben latinos, sin qu'en galego s'atopen mais que dous ou tres ô sumo.

Nosoutros, por si d'algo val, non queremos rematar sin faguere un prego ô xornal madrileño: non volte a gastar endexamáis os seus cartos e as suas actividades en faguer concursos como iste de que falamos, pois ninguén sabe agradecerllo. Nin nosoutros, que despreciamos todo o que de Madrid veña e traiga a etiqueta que traiga, nin os da banda d'enfrente, por ofrecerlles no concurso, pra tortura dos seus maxís, asuntos e custións tan pouco intresantes como son as qu'afeutan a *la patria chica*. Garde *El Debate* as suas pesetas e se non cuide tanto de nós qu'os seus cuidados acóranos. Hai agarimos que sonroxan e, por si tal, non quixeramos sere confundidos con un pobo vítima da *pérfida Albión*...




Fibias e fobias preocupáanse e rifan entre elas por si un submariño alemán, dos que háchanse no Ferrol, quixo ou non fuxire.

Uns isquerdistas da Cruña vense tolos pra saber quen terá de sere o seu xefe e outros por esculcare o porvire da humanidade drento de dous séculos.

A nós, mais que todo isto, preocupápanos a saída do carce dos probes labregos e labregas de Sedes y-a escravitude do traballo galego na campía que sofre baixo as pontas dos caciques.

Non somos cosmopolitas «porque si». Quen ten que andare un camiño non doado, por moi soñadore que sexa, pirmeiramente ten de poñere os ollos no chan que no valeiro do infindo dos ceios azús. Por moi fermosos qu'os ceios sexan.



PR'OS COSMOPOLITAS DE CASCARILLA

## Verbas axeitadas

QUE ledicia pra os bos galegos vermos o éisito das Irmandades! Elas son o fogar onde nace, onde xermola a cultura galega do mañan. O día en que n os pobos mais pequenos eisista unha Irmandade, o problema galaico atoparase resolto.

Probes os cosmopolitas que nos desprezan, Irmandades, e dos chamados cultos que non vos entenden. Cosmopolita é aquel pra quen—como dixó Menandro—nada human élle alleo; non aquel a quen até a súa terra élle estrana. Culto é aquel que non imita, sinón que produce cousas de seu. Rídevos pois da *nosa* cultura e do *noso* chamado cosmopolitismo (é decir, da cultura e cosmopolitismo usual.)

Vexo, irmans, moi axiña, un gtorioso porvir pra Galicia. Trallemos e non tardará o froito pr'á colkita.

¡Terra a nosa!

JOHAN VIQUEIRA,  
Catedrático da Psicoloxía.



## Aos irmáns da Cruña

Pregámoslles non deixen d'asistire á Xunta xeneral que terá lugare o próisimo domingo día 2, no local da «Irmandade» ás tres do serán, pra tratare da discusión do regramento.

### Soneto de ouro

Todos vos lembrades d'aquíl soneto sanguifunto no que Ramón Cabanillas retratou ô Cacique pontevedrés.

O valente xornal, honra do galeguismo, *Heraldo de Arosa*, acaba de publicar outro soneto feita d'un dos seus redactores, que é merecente de galanza e de sere moi divulgado, antr'os nosos irmáns. Olládeo:

Nin n'o arbore xenealóxico d'a casa,  
Ten un nome que poída ennobrecelo;  
Nin ostenta brasón o seu portelo  
Que fale de grandezas ô que pasa.

De feitos dínos, a súa hestórea, e lasa;  
D'honradez, n' hay en él, nin un cabelo.  
Cabaleiro de cunca e de codelo  
Empregou a ruindá, sempre sin tasa.

Pra ter facenda e acugular o prato  
Abondoulle estricar n'iste chan noso  
A sus pontas ladroeiras de miñato.

E pra chegar a ser, tan poderoso  
Puxo en práuteca o roer doce d'o rato  
Y a políteca astuta d'o raposo.

### Os cuneiros fracasados en bloque

Agora poíderon decatárense deica os mais cegos de que Galicia non ten deputados e de que os cuneiros que eisí chámanse son incapaces, non entenden miqa dos problemas d'interés xeneral da nosa terra.

¿Queredes un fracaso maor que o que repersenta o feito de que non se deran conta de que no tratado comercial con Francia, feito en Marzo, todal-as rexións procuraron salvare as súas riquezas, agás Galicia.

A riqueza da industria conserveira, a nosa millor industria, que supón soio no momento oito millóns de pesos, ficou esquecida no tratado, porque ninguén falou por ela.

Os nosos deputados non sirren mais que para aconsellar ôs labregos o cultivo dos montes e pra amocalos si lles non dan o voto.

# UNHA MULLER

(CONTO)

CANDO nena iba ó monte co-a vaca bermexa. Tiña catro ou cinco anos. A pel dos seus pes fíxose mais forte qu'as espiñas dos toxos. Alboreaba no seu espritu unha difusa consciencia. D'aqueles anos gardóu durante moito tempo a acordanza d'un soio acontecemento: o animal confiado á súa vixilancia perdérase. Foi namentres ela, asobiada á un cereixo, roubaba a froita dos seus degoros. Ó voltare pr'á casa, maltratáranla, e a porta pechóuse diante d'ela. «Si non atopas a vaca, non volvas». Era de noite. Vagóu pol-as fondas congostras e pol-o arripiante monte. Ó comenzo choraba. Dempóis tivo medo do seu chorare, e calóu. Endexamáis estivo tan prêto o chan e o ceo. A probiña perdéuse na prêtura; tremóu de medo e de frío. Veu a Estadea e tamén a figura d'un can lumioso do grandore d'un cabalo que pasóu pulando diante d'ela.

Labróu as herdades, sufréu a chuvia, o sol, o vento e o pedrido, com'ô sofren ano trais ano os reitos pinos, e os robres enanos e cheos de xorobas como arlequins do monte, que nos ocasos asómaba a súa chouza. Ría pouco. Tivo as suas mans encallecidas. A ventura d'esta idade moza foi un pano amarelo de seda, que roto xa, lembrou ela con nostalxia, sempre que pasaron as rapazas pol-a súa porta, moito engalanas pr'asistire á misa de domingo.

Casóuse. Era seu home un rapazote forte e calado. Cando sucedéronse dous anos de malas colleitas, marchóu pr'América lonxana. Tornóu fraco, sin humore, e sin cartos. E de novo volvéu á emprendere con odio a labore do campo. Pasaba longas horas na taberna do lugare; bebía mais augardente qu'o vello gaiteiro da parroquia, qu'era a mais forte gorxa de tod'á feligresía. A muller houbo de sufrir golpes e aldraxes. Un día, guiando un carro, co-unha forte tana, pasóu sóbor il, e matóuno. Aquela faciana aprastada, desfigurada, horrible, de tons roxos e morados e prêtos, oustinóuse moito tempo na visión da muller.

Seus fillos creceron. Cando o maor foi un home qu'aliviaba o coidado d'as terras, levárono á cibdade. Era preciso que loitara contra os mouros. ¿Onde estaban os mouros? ¿Quen facía os mouros? A muller o non soupo xamáis. Moitas cousas houbía qu'o seu cerebro non podía enxerguere. Así com'unha brêtema, entorpecía o seu pensamento. Soio sabía, e isto pouco, cando a terra precisa auga ou queutura do sol. Amaba a Deus ó través d'un conceito superstizoso; cría nas bruxas; exorcizaba os campos de maís e o gando, con verbes adeprendidas de seus abôs. Pra ela o Estado era o recaudore; a civilizazón, o tren. Temíalle ó recaudadore. Odiaba ó tren que lle matara un

terneiro e queimáralle a mies en prena maturidade, n-unha noite d'estío, co-as muxicas do seu folgare endemoniado.

Coméu sempre legumbres cocidas, n-un cunco de madeira co-unha cullera de buxo. Sua chouza, sin chaminea, hechíase do fume cheiroso dos toxos queimados no fogar; o leite era duro, e farrapentas as roupas qu'o cobrían. Na inverniá, os alentos de friaxe, entraban na vivenda por mais d'unha rendixa. Cando a muller foi moi vella, non puido traballare. Sentábase ó sol co-as mans cruzadas no regazo, i eisi, d'iste xeito, pasábase hora trais hora o día enteiro. Endexamáis soupo no que pensaba. Cicáis non pensara en cousa algunha. Mais ben, sua aitude, era a dos animaes aldeáns en repouso: isa traza do boi, que parez cavilosa, ise aspecto dos cabalexos qu'amarrados no monte asomellan meditare, co-a chola baixa e caída, e a crin sóbor dos ollos...

Dempóis, xa non puido safre ó sol. Ficábase n-un curruncha da chouza chea de penumbra. Ó derradeiro, estivo tendida no seu leite, moitos días, quen sabe si un mes.

Os fillos apenas lle falaban. Nas longas xornadas do vran, a vella estaba soia. Pol-as noites, ouvía, desperta, o ronquido dos fillos fadigados pol-o traballo.

E un serán, denantes de qu'o sol caera, finóu.

Abríu a desdentada boca, rabuñóu cós sarmentos das suas mans a manta, parecéu querere folguexar con forza, e morréu. Ninguén estaba na chouza. Un rato corría silenzosamente pol-a espazosa pedra do lar...

Enterráron-a no pequeno cimenterio, onde a herba é outa, e onde a vaca branqui-prêta do sagristán hacha un freconte regalo. Pasado un mes, ninguén recordóu a punto fixo o lugare en que dormía o derradeiro sono. A aldea enteira, xenerazón sóbor xenerazón vai sumíndose n'aquil trozo de terra encoadrado por tapias. E ninguén ten unha lápida, nin un cirio, nin unha frol. A ideia da morte istá borrosa, coma borrosa istá a ideia da vida. Vívese un pouco mais qu'os albres, un pouco mais qu'os animaes pensativos que pastan no monte... Apenas un pouco mais... Ista muller non vivéu d'outro xeito.

W. FERNÁNDEZ-FLÓREZ.

## Sancta Sanctorum

Homes d'espirto forte, irmáns gallegos, formentadores novos d'esta raza que empeza a ridimirse dos vellos caciquismos que a asoballan; fundadores das santas Irmandades que fan xurdir a nosa meiga fala, e van buscando a redención da terra, e tran consigo o despertar das almas... ¡páguevos Dios o ben que lle fixéschedes a esta terra abafada! Vós sementástel-o Ideal que vive nos antusiasmos das concencias sanas, nos amores á pátreas en que nacemos e no agarimo a todo canto un ama. Mestres do patreotismo, vos a terca y-enérxica cruzada veu anunciárol-a trunfante nova que os tempos agardaban, emprestándonos ánemos e alentos pra seguilo camiño que nos falta.

Pol-os vosos enseños chegamos a ter fe na nosa raza, e adeprendimos ben cómo se loita, e puidemos saber cómo se ganan nos campos das ideas as modernas batallas... ¡Homes libres e limpos! ¡Axuntémonos! No sacreto das firmes axuntanzas está o *Sancta Sanctorum* dos esforzos que espera dos bos fillos a nai Pátreas pra conqeril-os cobizados trunfos. E n'estas horas de grandezas tráxicas, que poñen preito á libertá dos pobos y-á salvación das razas, rexurden coma un ben as Irmandades onde xermolan as groriosas ansias. ¡Estas ansias bariles e patreóticas que tran consigo o despertar das almas!...

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

## O noso Credo

O rexionalismo, qu'é a doutrina que vimos predicando, non vai en contra de ninguén, soasmente atopa un enemigo qu'é preciso esnaquizar a todo fogo; este enemigo é o cacique.

Tampouco faguemos política d'andorga e borrachera; pra convencer á xente non matamos becerras nin espallamos cuncas de



viño; iso, deixámolo pra os políticos d'oficio. Nosco vivimos n'o século vinte, tomamos coma exemplo a política d'os pobos grandes e fortes porpagando a cibdadanía; queremos que cada individuo conoza os dreitos que lle corresponden coma cibdadán pra qu'eisí non sexa trabucado do xeito que oxe lle acontece. Buscamos a libertade do pobo pol-as boas, e si eisí non-a abrangue-mos, erguerémol-as fouchiñas pra descabezar ós tirans.

Loitamos pol-a nosa Autonomía; queremos que Galicia se adeministre pol-a súa conta sin depender do noxento Centralismo; a mesma independenza pedimos pr'os Municipios vilegos e rurais; qu'os diputados que mandamos ó Congreso sexan nados en Galicia, e conoedores a fondo d'os problemas do distrito que cada un repersente. Do mesmo xeito queremos, que todol-os grandes cárregos púbricos: gobernadores, xueces, notarios, etc., sexan desempeñados por galegos e non por xente allea, coma sucede n'aitualidade.

E pol-o derradeiro, desexamos que todol-os galegos s'impoñan ante o mundo coma tales, sin ter vergoña de sere nados n'ista meiga terra, á qu'a xente iñorante aldraxa por envexa.

Afinquemos a nosa persoalidade falando en galego sin mesturalo con castelanismos; porque xa sabedes, qu'a y-alma d'un pobo é o seu idioma, y-o día qu'en Galicia—queira Deus que non—se deixe de falar en galego, entón, si é que nos queda un anaco de vergoña, teremos que mercar a foxa pra enterrarnos.

Ist'é, en síntesis o noso ideal, e n'el poñemos tod'a nosa y-alma. Si desexamos ollar a Galicia grande e redimida, crêde e tede en conta istas verbas que son as salvadoras.

X. SERÁ.

## DENDE A EMIGRAZÓN

### OS IRMÁNS DA FALA

CAMIÑO adiante, a través do sacrificio e da loita van trunfando heroicamente as «Irmaduras da Fala», que, como aquelas outras irmaduras acaudilladas pol-o valente canto desventurado Pardo de Cela, teñen por ideal o rexurdir prepotente da raza.

Escomezan pol-o idioma patrio, doce e caro ó corazón, os modernos *irmandinos*, e, eisí, a súa influencia benfeitora percíbese xa dende as populosas cibdades, até o escondido recuncho da pequena e pintoresca aldeia, e non soasmente antre souts e carballales umbríos, no algueireo das poboacións galegas, xunto ó bruar do mar bravío ou no silencio petrucial dos bosques qu'un

día persenciaron os ritos e ceremonias dos nosos denantepasados os celtas, déixase sentir isa infruena, sinón que tamén acó, na emigrazón, antremedias de palmares airosos abaneados galardamente pol-a brisa tropical, lembra o fillo de Galicia o bendito nome da terra lonxana e o seu misterioso pasado envolteito en mesto velo de poesía, e rinde culto ó idioma qu'é amor, i-é aloumiño, qu'é lembranza, i-é recendo dos lars distantes.

Os bós e abnegados irmandinos, fan a xentil apoteosis d'eiscelsos insiños, dos feitos de grandeza subprime levados a cabo pol-os héroes galegos valentes e indomables, da gloria de toda unha raza que non retrocedeu endexamáis diante de nada e diante de ninguén e que sellou con sangue fervente e xenerosa as elocuentes páxinas da Historia, apoteosis divina das arroganzas pasadas d'un pobo, no antigo grande com'a

rexa e outiva montana, forte com'a berroqueña pedra, com'o moimento milenario, com'o penedo soberbo e a onda inmensa coroada de sinxela escuma.

¡Cantas grandezas pretéritas e cantos dóres, cantas humillazóns persentes!

¿Onde están, Suevia, os teus paladís, os valentes qu'ós botes da súa lanza conqueriron honra, sona e loureiros inmarcesibles? ¿Onde están as barudas hostes galegas que levaron o teu nome á outura das nubes, antre máxicos esprendores? ¿Onde están os qu'endexamáis abandoaron a brecha, os que labraron grorioso xoiel pr'á túa coroa de raíña, i-en total-as partes, na terra e no mar, foron os primeiros?

Descendentes d'eles i-herdeiros direutos pol-o nacimiento e o sangue, como pol-o valor abnegado, son os qu'oxe, ceibáronse, dispond'o ánimo e firme o corazón, á em-

## PÁXINA ESCOLLEITA

### O SANTO NAROTTAM

«Señor, o santo Narottam nunca dignase vir ó teu tempo real», dixo ó Rei seu servo. «Si foras á alboreda do camiño, ollarías a xente atopellarse pra ouvirlle cantar as gabanzas de Deus, como enxame d'abelas orrededor d'un loto branco. ¡E o tempo, entramentras, háchase valeiro, sin servizo o dourado tarro de mel!»

O Rei magoado no seu corazón, foise ó campo onde Narottam ouraba sentado na herba, e díxolle: «Pai, ¿por qué te sentas no polvo do campo, pra predicar o amor de Deus, e non vas ó meu tempo da cúpula d'ouro?»

«Porque Deus non s'hacha no teu tempo», respondéu Narottam.

O Rei, ceñudo, dixo: «¿Non sabes que se gastaron vinte millós d'ouro en erguel-a maravela; que foi consagrado cós mais costosos ritos?»

«Si», costestóu Narottam, «seino. Foi n-aquel ano en qu'o fogo abafou ó teu pobo; e milleiras de probes viñeron en vano a pedir á tua porta. Decía Deus: «¡Misérabre ser que non pode donar casa ós seus irmáns, e quer erguel-a miña!» E foise cós desvalidos, baixo os álbores do camiño.

«Isa pompa d'ouro que ti dis, non ten dentro mais qu'o vazo quente do teu orgulo.»

Cheo de carraxe, o Rei berróulle: «¡Vaite do meu reino!»

O Santo respondéulle tranquilo: «Si,

destérrasme a onde desterraches ó meu Deus.»

### O POETA TULSIDAS

Tulsidas, o poeta, vagaba pensoso; beirra do Ganxes, pol-o paraxe solitario onde queiman os mortos.

E atopou a unha muller que s'hachaba sentada ós pes do cadavre do seu home, vestida aledamente como pra unha boda.

Erguéuse ela ó fitulo, sandóuno, e díxolle: «Dóname a tua beizón, Mestre, que quero irme ó ceio cō meu home.»

Tulsidas respondéulle: «¿Qué presates, miña filla? ¿Non é tamén ista terra d'aquel que fixo o ceio?»

«O ceio me non importa», dixo a muller, «o que quero é o meu home.»

Tulsidas contestóulle sorrindo: «Anda á tua casa miña filla. Denantes de rematar iste mes atoparalo.»

E a muller tornouse á sua casa, dichosa d'espranza.

Tulsidas iba todol-os días a vela, e faguíalle pensar en cousas outas e atei-góulle o corazón d'amor divino.

Cando o mes pasou, viñeron os peccións á sua casa, e preguntábanlle: «Muller, ¿atopaches xa ó teu home?»

A muller sorría e decía: «Si.»

E eles quixeron ollalo, e preguntábanlle agoirantes: «¿Onde está?»

«O meu Señor háchase no meu corazón, ven connigo», dixo a muller.

RABINDRANATH TAGORE.



prega de redimir ós servos, ós escravos resignados que soportan as infamantes e inicuas flaxelazóns de total-as inxustizas.

O sacrificio non pode sere estéril, e, os que cō amor ó idioma patrio, á lingua *enxebre*, afincan o porvir de Galicia, saberán dependurare as lexendarias armas de Breogán, pol-o poeta cantadas en bariles estrofas, e tremolare a bandeira do progreso.

Camiño adiante, a través de sacrificos e de loitas, trunfan os modernos irmandinos...

MERCEDES VIEITO BOUZA.

Habana.

## Teatro galego

**E**STRENÓUSE no teatro d'Ortigueira unha obra galega en catro actos, nomeada *O tío Xan e a su xente*. Conquiréu un grande éxito. O seu autore é o culto e enxebre mestre Sr. Pérez Yáñez.

Chamado á escea pol-os aprausos do público, dixo que il sóio escribira o qu'a sua patria lle mandara. Anuncióu o estreno, moi axiña, d'outra obra galega que ten no tear. ¡Adiante, Sr. Pérez Yáñez, e recolla nosa embora! Sigúe a sua labore, com'a de todol-os bõs galegos, a xuventude das «Irmandades».

\* \* \*

E xa que falamos do teatro galego. A «Irmandade da Fala» da Cruña, ten mentes

d'estrenare axiña a comedia do gran poeta Ramón Cabanillas, nomeada *Man de Santiña*. Pensa tamén dare a conecer o teatro portugués contemporáneo. E ven traducind'o galego, logo de feita unha refundición comente, da xenial obra de Shakespeare, nunca representada nos teatros d'España, *As alegres comadres de Windsor*.

## Peneirando...

**L**A *Voz de Ortigueira*, querido colega da culta e fermosa terra do Condado, adícanos unhas aloumiñadoras gabanzas c'o motivo de tere publicado nós n'A NOSA TERRA un notabre artigo do intelixentísimo abogado D. Euxenio Vazquez Gundín.

Fala o nomeado boletín ortigueirés do noso idealismo, das nosas sanas campañas. Moito obrigados, colega.

\* \* \*

Noso querido correlixionario Francisco Vales, Conselleiro 1.º da entusiasta e exemplar «Irmandade da Fala» de Betanzos, levóu o número un nas oposicións a escolas que fixéronse derradeiramente na Cruña.

E unha proba de que a mtaoría dos mozos cultos e talentosos estan con nosco.

Soio por erro ou fondo trabucamento, quen pense poderá o non sere galeguista.

\* \* \*

O notabre e querido coro ferrolán «Toxos e frores» terase decatado a estas datas de

dúas cousas: de que os galegos que van a Madrid, pérdense pró galeguismo, e de que o «Centro Galego» da vila podre e un tobo ou madrigueira de vivos e vivillos aduladores dos políticos caciquís da terra.

¿E non se terá decatado tamén d'outra cousa?

Da sospeitosa doenza que sufréu o señor Espada que debía saudalos no «Centro Gallego» coma persidente.

Pra un político com'o Sr. Espada ¡val tau pouco a sinificación d'un coro con cantos e traxes dé labregos!

¡Hai tanto medo ó ridículo en Madri pol-o que respeuta ós galeguiños!

\* \* \*

Un profesor d'un centro docente d'ista cidade reprendéu fai poucas datas a un alumno seu porqu'iste trocáu unha frase castelana por outra galega ó eispricare a leución.

O profesor, que por mais señas exerce un significadísimo cárrago, ateigouse de carraxe ó escoital-as verbes galegas, e ceibóu sobor do probe alumno feras ameazas pr'ó caso de qu'aquel voltase a ceibar nin a mais pequena verbe en *el lenguaje de los palurdos y de la ordinariéz*.

Comentarios? Casi non son necesarios. Quen tal dí, chamándose galego, demócrata e non sabemos cantas cousas mais, soio merecente é do desprezo mais fondo.

Quen reuega da lingua dos seus, da lingua en que falaron os seus denantepasados,

(6 FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»)

## Nosos problemas educativos

Conferenza lida pol-o seu autor o docto catedrático i-entusiasta irmán Don JOHAN VIQUEIRA

problema. E dito estudo non está afnda feito. Só mais adiante poderemos concretar o noso plan.

A influencia que dito insino técnico moderno terá na Galicia será enorme. Certamente trairá consigo unha época d'actividade industrial, e dicir da que seja do todo adatada ao noso país.

VI.

Ocupareime agora d'os estudos universitarios e do Bachillerato. Primeiramente imos nos deter na reflexión sobre a preparación pra a Universidade, o fin a que parez responder o noso Bachillerato. O que eiquí dígase, terá valor pra o seu objetivo de preparatorio de outras carreiras. O noso Bachillerato ten que sufrir aquelas reformas generaes que han de transformar todas as clas do insino. Por sí mesmo padece un defeito grande: falla de método, falla de cohesión. Todo el háchase simbolizado n'os dous anos

de latín e de francés que nen chegar poden pra os rapaces deprenderen a traducir o texto lingüístico mais elemental, aillados entre outros anos de multitude de cousas que cando remata o bachiller o seus estudos esquezéronlle ja, tanto mais hoje que non hay revalida. O noso Bachillerato é unha mala copia do Bachillerato francés, pois a o copiar, perdéu a continuidade d'estudios que aquel ten. Aos dous anos de latín de eiquí corresponden alí oito. Esto ja davos unha idea do que eu enjergo por continuidade, cohesión e método. Consiste en que os estudos encomenzados no primeiro ano non se deixen, senon continúense até o derradeiro, único geito de facelos útis. Esta continuidade é a primeira medida a tomarmos pra facer do Bachillerato un estudo fecundo. Algún día, non alongado, daréi a coñecer o meu plan pra ilo. A falla de continuidade é un defeito tamén dos nosos plans universitarios e d'os mais plans d'os nosos insinos; porque eles todos se basan n'unha concepción memorista e simplicista do insinar e do daprender. N'eles se supón que ir insinando e ir enchendo un esprito, realmente enchéndolle a memoria de diversas asinaturas. Mais, o saber é actividade e

precisa como toda actividade do seu cultivo activo productivo pra o seu desarrollo, cultivo n'as mais diferentes direicións. O que vai dito aquí con respecto da falla de método de continuidade no Bachillerato debe aproveitarse pois pra os restantes plans d'as escolas técnicas, normaes e universidades.

Cando a continuidade se estableza no insino secundario aparecerán absurdos os exames, de todo geito perturbadores, anuaes e por asinaturas. É tanto o escrito sobre os exames que non fai falla me eu deteña a criticalos; pol-o demáis non tería tempo. Sostituí pois, no meu plan, aos numerosos exames actuaes, un examen único e final. Tampouco é isto novo. O sistema é europeo e háchase acreditado como bon na Alemaña, na Francia, na Inglaterra e n'outros países, onde as gentes até teñen dificultade pra comprenderen o noso chinesco sistema. A proba derradeira e única do bachiller será algunha cousa asín como o actual *grado de bachiller* naturalmente que ampliado; por exemplo haberá que exigir a traducción a libro aberto d'as linguas que se daprendan e introducir exercicios prácticos.

Algunhas indicacións pra rematare o tema do insino secundario. Fálase e exígesse a

renega de sí mesmo e ô renegare non pode ser outra cousa mais qu'un desleigado, un malvado; ou ben, pensando d'un xeito mais misericordioso, amosra sere un imbécil, un cretino... Nada, eiquí do caso aquel en qu'ô *anxélico* traga curas do conto mandaba os seus fillos á eirexa, entramentras él barafustaba contra d'eles... por mor do cocido e aínda mais.

Na administración d'A NOSA TERRA temos á venda o libro de poesías DA TERRA ASOBALLADA de Ramón Cabanillas.  
Prezo 1'50 pesetas.

LIT. E IMP. ROELL-CORUÑA.

## Fábrica de Gorras

— E —  
SOMBREIRERÍA

DE  
Lois Fernández Vieites  
San Andrés, 69-71 — A CRUÑA

### OBRAS NOVAS DE AUTORES GALEGOS

LINARES RIVAS: *Cuentos de amor y de amores*, 3'50 ptas.—A. REY SOTO: *La Loba*, 2 id.—W. FERNÁNDEZ FLÓREZ: *Silencio*, 3'50 id.—A. PÉREZ LUGÍN: *La Casa de la Troya* (7.<sup>a</sup> edición), 4 id.—SOFÍA CASANOVA: *De la revolución rusa en 1917*, 3'50 id.—REY SOTO: *Cuentos del Lar*.

Véndense n'a librería de P. CUE & C.<sup>a</sup>  
Rúa Real, 49.—A CRUÑA

## Consultorio Médico-Quirúrxico J. Lastres

Consulta e tratamento d'as enfermidades en xeneral  
ESPECIALIDAES

*Pel*, (incruso cáncer, lepra, lupus e úlceras atónicas).—*Peito*, *Estómago*, *Anemia*  
*Reumatismo*, *Artritis deformantes*  
*Neuralgias*, *Arterio-esclorosis*  
*Paralísis*

Electroterapia, Aeroterapia, Sueroterapia, Análisis

RAYOS X.

Gabinete Fisioterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos á prezos e horas convencionaes

Non se fai asistencia ós fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquina a Picavía)

A CRUÑA

## ¡GUERRA AOS CALLOS!

Callos, sabañós e ollos de galo  
cúranse co

## Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Esposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez.

Representante: Manuel Sánchez - A Cruña.

De venta n'as boas Boticas

## ICANAS A FORA!

Cos productos premeados con Medalla d'Ouro en Buenos Aires e adoutados pol-o mundo enteiro

## Aceite del Serrallo

## La Jerezalina

DE VENTA EN TODO O MUNDO

Únicos fabricantes: PRUDENCIO LÓPEZ E FILLO - Jerez.

Representante: MANUEL SÁNCHEZ - A Cruña.

## GRAN FONDA

## Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

## Gran Café Méndez Núñez REAL, 83

O máis perferido e de maor comodidade pr'ô púbrico. O máis confortabre da Cruña.

Servizo preferente. Artigos garantizados de toda-las marcas.

## GRANDES CONCERTOS DIARIOS

pol-as mellores agrupazóns musicas

:: :: españolas i-eistranxeiras :: ::

Gran salón de billares no local que ten ó carón na rúa da Marina

## IRMANS:

Probade o rico VIÑO LÁGRIMA, que sómente o vende

## A Tacita de Prata

Rúa Galera, esquina á Fonte San Andrés

A CRUÑA

## HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada e Fillo

A CRUÑA

## FRÁBICA MECÁNICA

:: DE CALZADO ::

— DE —

## ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

BARREIRA, 7

FOTOGABADO

A CRUÑA

Teléf. 434

## Os viños e coñas millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQO, de Xerez da Fronteira, fundada en 1730. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouht máis selecto

de mundial e de reconecida soná é o CINZANO (Torino).

## O Anís do Mono

é un eispréndido licore sin rival

## Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa céntral: *Pazo da Equitativa*.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO (matriculado) de todas istas marcas:

**José C. Juncosa**

Galera, 39 e 41-2.º piso.—A CRUÑA



**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

**PALMER**

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL  
(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faranse ó auto-re, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**LABREGOS:**

Si queredes encontrar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro-  
**SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferreteria, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**FERROL****H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

**PRÁBICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

—><—

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

**FARMACIA «A SILVA»**

Produtos nazonaes i-estranxeiros

Ortopedia en xeneral

**DEPÓSITO**

do Purgante ideial xaponés *Nazarnorima* (puramente vexetal) e do Selo analxésico *Gimen*.

N'esta casa háchanse á venda os *Produtos químicamente puros* do acrétado *Laboratorio de González Formiguera*.

GARÁNTANSE OS PREPARADOS

Silva d'Abaixo, 17 A CRUÑA

**Waldo Losada**


Rego d'Auga, 44

Anís INFERNAL.

Rhun TRINIDAD.

Xinebra Inglesa «Old Tom Gin» TIGRE.

Venta de viños ao por maior de todas as rexións de España.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

**LINEA DE HABANA E VERACRUS**

Prezo en terceira â Habana . . . . .	Ptas. 298'60
» » Veracrús. . . . .	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocárril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixã entrare a bordo.